

COMUNICACIÓN DE PRENSA

FUNDACIÓN LAXEIRO

presenta

LUÍS SEOANE

13 estampas da traizón. 80 anos da súa publicación

FICHA TÉCNICA

Título	<i>13 estampas da traizón. 80 anos da súa publicación</i>
Artistas	Luís Seoane, Manuel Colmeiro, Arturo, Souto
Tipo de obra	Debuxo, pintura, libros, revistas, carteis, fotografías, audiovisual
Comisarias	María Antonia Pérez, Silvia Longueira
Inauguración	26 de outubro, 2018. 19.00h
Clausura	24 de febreiro, 2019
Lugar	Fundación Laxeiro c/Policarpo Sanz, nº 15, 3, Vigo tlf: 986-43 84 75 www.laxeiro.org
Produce	Fundación Luís Seoane

A Fundación Laxeiro inaugura a exposición titulada *13 estampas da traizón. 80 anos da súa publicación*. Un proxecto producido pola Fundación Luís Seoane que, despois de verse na súa sé n'A Coruña, viaxa agora a Vigo onde se poderá visitar ata o 24 de febreiro.

Trece estampas da traizón. 80 anos da súa publicación é un proxecto expositivo que xira ao redor do álbum de debuxos *Trece estampas de la traición* de **Luís Seoane** co que o artista galego sinalaba aos responsables do golpe de Estado de 1936 e aos seus cómplices, e poñía de manifesto a dramática situación da poboación civil por mor do conflito e a represión posteriores. O álbum de Seoane, o primeiro realizado polo pintor, foi editado en 1937, e formou parte das diversas publicacións que integraron a campaña de propaganda no exterior levadas a cabo polo goberno da República.

A exposición, comisariada pola directora da Fundación Luís Seoane, **Silvia Longueira Castro**, e pola profesora da UDC **María Antonia Pérez Rodríguez**, parte dos trece debuxos orixinais de Luís Seoane, catorce se incluímos a portada do álbum, para realizar un retrato do momento cultural e histórico que acompañou a súa publicación, mediante un proceso de contextualización que inclúe obra plástica doutros artistas, documentación diversa e abundante bibliografía, un conxunto de pezas seleccionadas tras un labor de investigación levado a cabo a través de institucións públicas e coleccións privadas de Galicia e España.

A influencia que a obra de grandes representantes das Vangardas Históricas tiveron nesta pequena colección de debuxos realizados por un Seoane novo, que no ano 1937 tiña 27 anos de idade, é un dos aspectos nos que se centra a exposición, grazas a unha selección de volumes cedidos para a ocasión pola Real Academia Galega dos fondos pertencentes á biblioteca persoal do artista. Trátase de catálogos de exposicións e monografías de valor excepcional que amosan o interese que Seoane tiña, xa naquel entón, polas numerosas correntes artísticas que se estaban a desenvolver fóra das nosas fronteiras, e que poñen de manifesto a súa capacidade para comprender e assimilar os

achados estéticos e teóricos de creadores como **Otto Dix**, **George Grosz** ou **Frans Masereel**, un interese que mantería ao longo de toda a súa traxectoria.

A guerra vista a través dos ollos dos artistas galegos ocupa tamén un lugar especial na mostra. Artigos, textos e obra gráfica ofrecen un retrato da postura dos creadores en Galicia fronte ao conflito e do seu apoio ao goberno lexítimo da República, nunha escolla que inclúe dous debuxos e un óleo de **Manuel Colmeiro** ou o cartel do Estatuto de Autonomía de **Luís Seoane**, entre outras obras. Tamén están presentes **Castelao** coa súa triloxía sobre o conflito, composta por *Galicia Mártir*, *Milicianos* e *Atila en Galicia* e **Arturo Souto** e os seus *Dibujos de la guerra*.

No que respecta á contextualización histórica de *13 estampas da traizón*, a exposición reúne documentación diversa co obxecto de ofrecer unha panorámica o máis heteroxénea posible acerca das circunstancias que rodearon a elaboración e posterior publicación do álbum por parte de Seoane. Revistas, artigos de opinión, libros editados por ambos bandos da contenda e folletos de propaganda política, compoñen un apartado no que destacan poemarios como *Aviones* de **Arturo Cuadrado**, publicado o mesmo ano que o álbum de Seoane; *A gaita a falare. Lembranzas e maldicións. Poemas* de **Ramón Rei Baltar**, editado en 1939, entre outros. O proxecto expositivo complétase cunha peza audiovisual realizada polo artista **Juan Martínez de la Colina**, baseada nos debuxos orixinais de Luís Seoane, que se proxectará como parte da exposición.

O proxecto inxírese nunha liña de colaboración entre a Fundación Laxeiro e a Fundación Luís Seoane que fixo posible traer o pasado ano ao artista brasileiro Paulo Brusky e que terá a súa continuidade a finais de ano, cunha exposición na Fundación Luís Seoane, formada por debuxos de Laxeiro e Seoane do período 1930-1950.

AS COMISARIAS

Silvia Longueira Castro – Licenciada en Historia e Máster en Medios de Comunicación. É directora da Fundación Luis Seoane e comisariou e coordinou proxectos expositivos, editoriais e museísticos ao longo da súa traxectoria profesional.

María Antonia Pérez Rodríguez – Doutora e profesora titular da Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña. É documentalista e realizou diversos traballos editoriais e expositivos vinculados á figura de Luis Seoane, entre eles a súa tese doutoral, Luis Seoane a través da prensa (1929 – 1979).